

Fernández Paz e a *Lúa de Senegal*

AUTOR: AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

EDITA: XERAIS

AGUSTÍN Fernández Paz e a súa novela *Lúa de Senegal* será outra das grandes apostas de Xerais para 2009. Fernández Paz é autor dunha longa obra narrativa escrita en lingua galega.

O seu labor creativo céntrase no eido da narrativa infantil e xuvenil onde é considerado unha das figuras máis relevantes. Publicou as seguintes obras dirixidas a este tipo de público: *Rapazas* (Xerais 1993, 2003), contos; *Trece anos de Branca* (1994), novela, Premio EDEBÉ de literatura Xuvenil 1994; *Cartas de inverno* (Xerais 1995), novela, Premio Rañolas ao mellor libro xuvenil de 1995; *Amor dos quince anos, Marilyn* (Xerais 1995, 2001), contos; *O centro do labirinto* (Xerais 1997), novela; *Aire negro* (Xerais 2000), novela.

Tamén é autor de *Noite de voraces sombras* (Xerais 2002), novela; *Tres pasos polo misterio* (Xerais 2004), relatos, *Corredores de sombra* (Xerais 2006), novela e *O único que queda é o amor* publicada tamén por Xerais no ano 2007. ●